

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araújo, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 7.^a**

- 1.- Ten a Xunta coñecemento dos ataques producidos á cabana gandeira por lobos e osos?
- 2.- Cantos destes ataques se teñen rexistrado no que vai de ano 2017? Destes cantos pertencen a ataques de lobo e cantos de oso? Cantos animais levan falecido por estes ataques?
- 3.- Cantas solicitudes de axudas foron solicitadas polas persoas titulares das ganderías? Destas cantas foron aceptadas e cantas denegadas?
- 4.- A canto ascende o importe total das axudas concedidas para sufragar as perdas polos ataques de lobo e oso?
- 4.- Cantos ataques se teñen producido a animais que non pertencen á cabana estritamente gandeira, é dicir, a animais de garda do gando (cans), ou animais de compañía e outros como burros, cabalos, abellas, etc. ? Que tipo de axudas se dan para estes casos, de ser o caso?
- 5.- Que medidas de prevención ten previsto tomar a Xunta para reducir estes ataques?



6.- Que medidas de control realiza a Xunta para evitar o contacto entre animais salvaxes e o achegamento as zonas poboadas? Como se garante a seguridade das persoas?

7.- Que medidas toma a Xunta para conciliar a vida das persoas no rural, que xeralmente traballan na agricultura e gandería, e a recuperación de poboacións de osos e lobos e a súa interacción?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/11/2017 10:31:13

Paula Quinteiro Araújo na data 03/11/2017 10:31:24

Paula Vázquez Verao na data 03/11/2017 10:31:38

Luis Villares Naveira na data 03/11/2017 10:31:42